

Tarefa: A auga é un dereito de todos

1 Le e contesta.

A auga é moi importante para todos os seres vivos e non debemos desperdiciala nin contaminala.

Estivemos lendo a historia de Tizalem.

Tizalem vive nunha pequena aldea de África. Alí non chove case nunca e a terra está moi seca.

Érguese cedo para ir buscar auga cun cántaro ao río. Vive nunha choza onde non hai auga corrente, nin hai fontes.

Hoxe a auga está turbia e, mentres a recolle, pensa que tivo que percorrer seis quilómetros andando para chegar ata o río.

Debe volver pronto á casa para que a súa nai poida cociñar e todos poidan beber.

Se tivesen auga preto poderían sementar a terra e criar animais para comer.



Para que necesita Tizalem a auga?

Que faría Tizalem se tivese auga máis preto?

2 Contesta.

Cres que a familia de Tizalem tería unha vida mellor se

tivese auga na casa? Por que?

3 Copia a oración correcta.

A auga nunca se pode acabar.

Debemos aforrar auga e non contaminala.

Hai suficiente auga en todos os lugares da Terra.

4 Escribe dúas diferenzas entre a forma de vida de Tizalem e a túa.

5 Escribe **si** ou **non**.

Todas as persoas temos dereito a ter auga. →

Podemos axudar a obter auga aos que non teñen. →

Non temos que aforrar a auga. →

6 Despois de ler a historia de Tizalem explica coas túas palabras por que é importante aforrar auga.